

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Contratos administrativos

FORMALIZACIÓN CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Anuncio do Concello de Bueu polo que se publica a formalización do contrato administrativo do Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais incluíndo as especialidades de Hixiene Industrial, Medicina no Traballo e Vixilancia da saúde do Concello de Bueu”

1. Entidade adxudicadora:

- a) Organismo: Concello de Bueu
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- c) Número de expediente: S/C/07-16
- d) Dirección de Internet do perfil do contratante: www.concellodebueu.org

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: Contrato Administrativo do Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais incluíndo as especialidades de Hixiene Industrial, Medicina no Traballo e Vixilancia da saúde do Concello de Bueu”

b) Descrición: servizo : Este servizo ten por obxecto a realización de todas as actividades preventivas de medicina no traballo (vixilancia da saúde) cun servizo de prevención alleo nos termos que resultan dos arts. 31.3 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais (en adiante, LPRL), e 15.4 do seu regulamento de desenvolvemento, nas especialidades preventivas de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada e Medicina do Traballo, e vixilancia coas especificacións que resultan da normativa sectorial de aplicación e as contidas neste prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), e no de prescricións técnicas (PPT).

A actividade preventiva contratada cubrirá a todos os traballadores do concello, así como os concelleiros que exerzan o cargo en réxime de dedicación e, no seu caso, do seus organismos autónomos e entidades dependentes, incluíndo as contratacións laborais temporais ao longo da vixencia do contrato. Neste senso, o número de traballadores poderá sufrir modificacións,



derivadas dun eventual aumento ou diminución do número total de persoas en función de novas contratacións, cambios de postos, remate de contratos, xubilacións, ou razóns análogas sen que elo supoña, en ningún caso, variación do prezo máximo do contrato.

As necesidades a satisfacer coa celebración do contrato serán, entre outros, o cumprimento das obrigas que respecto a este servizo prevé a citada LPRL e no Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se proba o Regulamento dos Servizos de Prevención relativas a la promoción da seguridade e saúde dos traballadores mediante a aplicación de medidas e desenvolvemento de actividades necesarias para a prevención dos riscos derivados do traballo co obxecto de eliminar accidentes de traballo e enfermidades profesionais, garantir o traballo en condicións seguras e o cumprimento da normativa neste eido.

A clasificación do servizo obxecto do contrato consonte ao Vocabulario Común de Contratos (CPV) do Regulamento (CE) nº 2195/2002, modificado polo Regulamento CE nº 213/2008 é a seguinte: 85100000-0 “servizos de saúde”, 85147000-1 “servicios de sanidade das empresas” e 74231700-4. “Servizos de consultoría en protección e control de riscos”.

3. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto

4. Orzamento base de licitación:

O valor estimado do contrato, incluíndo as especialidades de Hixiene Industrial, Medicina no Traballo e Vixilancia da Saúde do Concello de Bueu ascende á cantidade de 67060,00 € de acordo co disposto no artigo 88-TRLCSO o cal dispón que o valor estimado dos contratos vira determinado polo importe total sen incluír o Imposto sobre o Valor engadido (IVE), e tendo en conta as eventuais prórrogas do contrato.

O orzamento máximo previsto para cada anualidade é o seguinte:

- Orzamento base de licitación (IVE excluído) 16765,00- €
- Imposto sobre o Valor Engadido (IVE 21%) 441,00 €
- Prezo máximo (anual) do contrato 17206,00 €

5. Adxudicación e formalización do contrato:

- a) Data de adxudicación: 06.06.2016
- b) Contratista: Mugatra Sociedad de Prevención SLU con CIF B70055504
- c) Importe da adxudicación:



Logo da tramitación do correspondente expediente de contratación a Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado na sesión ordinaria celebrada con data 06.06.16 adxudicou o contrato administrativo do “Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais incluíndo as especialidades de Hixiene Industrial, Medicina do Traballo e Vixilancia da saúde do Concello de Bueu” polo importe de 12.052€/ano 2016, IVE excluído, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende a cantidade de 486,15€, o que supón un importe anual de adxudicación correspondente ó ano 2016 de 12.538,15€ (IVE engadido), que resultan dos prezos unitarios polos que se adxudica o contrato que se desglosan do seguinte xeito:

A.1. Seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicoloxía aplicada: 1500€/ANO (sen IVE. IVE aplicable do 21%)

A.2. Vixiancia da saúde colectiva (euros X nº total de traballadores): 5€ /TRABALLADOR (sen IVE. IVE aplicable do 21%)

A.3. Vixiancia da saúde individual (recoñecementos médicos) (exento de IVE):

35€/REC.ORD; 8€/PSA;55€/REC.XINE;65€/MAMO

d) Data de formalización: 15.06.16

Bueu, 15 de Xuño de 2016.—O Alcalde, Félix Juncal Novas.

